

CONCELLO DE POIO

ANUNCIO

O Pleno deste concello, en sesión celebrada o día 27 de marzo de 2007, acordou aprobar inicialmente o regulamento para a xestión e celebración de festas de promoción gastronómica en Poio, quedando exposto o expediente e o regulamento a información pública durante o prazo de 30 días hábiles, a contar dende a data de publicación no “Boletín Oficial “ (B.O.P. nº 90, do 09 de maio 2007), para exame e presentación de reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Non presentándose ningunha reclamación nin suxerencia dentro do prazo establecido entendese definitivamente aprobado en virtude do artigo 49.c da Lei 7/85 LRBRL de acordo coa modificación da Lei 11/99., procedendo a publicación no B.O.P. para o seu coñecemento e exposición pública.

Poio, 19 de xuño de 2007
O ALCALDE

Luciano Sobral Fernández

“REGULAMENTO PARA A XESTION E CELEBRACIÓN DE FESTAS DE PROMOCIÓN GASTRONÓMICA EN POIO.

Artigo 1.-

O obxecto do presente *REGULAMENTO PARA A XESTION E CELEBRACIÓN DE FESTAS DE PROMOCIÓN GASTRONÓMICA EN POIO* é regular a actividade de promoción, xestión e organización das festas de marcado carácter gastronómico que sexan asumidas polo propio Concello de Poio e que teñen lugar no noso termino municipal.

Artigo 2.-

No ámbito da competencia local que, con carácter xeral, se sinala nos arts. 25.1. e 2.m) e 85 da Lei reguladora de Bases de réxime local e art. 155.2 do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, o Concello de Poio asume como propia a actividade de promoción, xestión e organización de dúas festas deste tipo que son a Festa da Ameixa, que ten lugar na localidade de Campelo na parroquia de San Xoán de Poio, e a Festa do Mar, que ten lugar na localidade de Combarro, ambas dentro do municipio de Poio.

Ao ser unha actividade exercida en virtude da potestade de imperio desta entidade pública non terá, polo tanto, a consideración de actividade profesional nin empresarial e os recursos que se poidan obter pola promoción dos produtos que se contemplan neste regulamento non serán establecidos nin obtidos nunca con carácter oneroso.

Artigo 3.-

1-De conformidade co art. 85 da LRBRL o servizo público da promoción, xestión e organización de festas de promoción gastronómica, tales como a Festa da Ameixa, Festa do Mar e outras de carácter similar poderán xestionarse por algunha das seguintes formas:

- a) Xestión directa: mediante Xestión polo propio Concello; Organismo autónomo local.; Entidade pública empresarial local; Sociedade mercantil local de capital integramente local.
- b) Xestión indirecta: mediante concesión; xestión interesada; concerto ou sociedade de economía mixta.

Artigo 4.-

1.- O artigo de promoción por excelencia na Festa da Ameixa será a ameixa galega, e outros autorizados serán os moluscos: mexillón e berberecho, empanadas de ditos produtos, viño e pan; ademais de refrescos, auga e tortas, que terán o carácter de produtos accesorios.

Mentres o Pleno non acorde outra modalidade, o sistema de xestión para a celebración da Festa da Ameixa será o de xestión directa polo propio Concello.

2.- Os artigos de promoción autorizados na Festas do Mar serán os produtos da pesca e da acuicultura, empanadas de ditos produtos, mariscos, viño e pan; ademais de refrescos, auga e tortas, que terán o carácter de produtos accesorios.

Mentres o Pleno non acorde outra modalidade, o sistema de xestión para a celebración da Festa do Mar será o de xestión directa polo propio Concello agás os postos adicados a promoción e venda de produtos de pesca e da acuicultura, empanadas, viño e pan que poderán ser adxudicados mediante concesión mentres non se varíe a forma de xestión por o mesmo.

Calquera outra festa de promoción de produtos da nosa gastronomía que se acolla ao especificado neste Regulamento deberá contar coa preceptiva a autorización do Pleno da Corporación.

Artigo 5.- No caso da adxudicación dos postos de promoción e venda de produtos das “festas de promoción gastronómica” deberán ser elaboradas as bases correspondentes nas que se deberán respectar os principios da contratación pública establecidos no Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, por o que se aproba o TRLCAP e a adxudicación do servizo corresponderalle ao órgano competente de conformidade coa lexislación de réxime local.

Artigo 6.- En todo caso o Concello exercerá a necesaria intervención administrativa, a vixilancia sanitaria e os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo.

Artigo 7.- Os postos ou *stands* poderán ser establecidos polo Concello ou directamente polos adxudicatarios. No caso de que no réxime de xestión indirecta o posto, *stand* ou outro material sexa achegado polo Concello, o adxudicatario comprometerase a devolvelo en perfecto estado e quedará obrigado, no caso contrario, a aboar a deterioración con independencia da sanción que puidese ser imposta.

Artigo 8.- O Concello non asumirá responsabilidade polos danos, subtraccións ou deterioracións de mercadorías ou material. Tampouco asumirá as responsabilidades da súa custodia.

Artigo 9.- O establecemento ou modificación dos prezos de promoción dos produtos e as entradas para exposicións durante a Festa a cobrar ós usuarios serán establecidos pola Xunta de Goberno do Concello sendo en todo caso uns prezos adecuados a os prezos de mercado.

Artigo 10.- Persoal colaborador:

O Concello poderá servirse do seguinte persoal para estas actividades:

- a) **Persoal propio da Corporación, que atenderá preferentemente os actos e actividades que impliquen exercicio de autoridade ou de responsabilidade principal na custodia e manexo de caudais públicos. Este persoal poderá percibir gratificacións na nómina correspondente polos traballos que realice fóra da súa xornada habitual.**
- b) Persoal contratado eventual por tempo determinado para a realización de cometidos específicos da festa. Estarán vinculados á Corporación por unha relación de carácter laboral. Para a súa contratación non será preciso que figuren no cadro de persoal eventual da Corporación.
- c) Persoal voluntario non pertencente á Corporación e que desexe participar na realización dos actos ou actividades da festa. As súas funcións serán preferentemente traballos de colaboración que non impliquen exercicio de autoridade nin de responsabilidade principal na custodia ou manexo dos caudais públicos.

Para este persoal, que non terá relación laboral ningunha coa Corporación, subscribirase con cargo ao orzamento da festa unha póliza de accidentes persoais e outra de responsabilidade civil. Non percibirán salario nin outra retribución, agás as indemnizacións que para desprazamento, manutención ou aloxamento aprobe a Xunta de Goberno para sufragarlles os gastos que lles ocasione a súa dedicación.

Artigo 11.- En todo o non previsto no presente Regulamento rexerá o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, a Lei reguladora das bases de réxime local e a demais normativa que resulte de aplicación.

Artigo 12.-Correspóndelle ao Pleno do Concello a aprobación, modificación ou derogación do presente regulamento. Poio, 8 de marzo de 2007.”